

A CAÍDA DO ANTIGO RÉXIME (1789–1791)

REUNIÓN DOS ESTADOS XERAIS (1789)

Ó longo do século XVIII, os gobernos franceses foron acumulando un crecente déficit que só solucionaban pedíndolles máis créditos ós banqueiros.

Por fin, o goberno de Luís XVI (1774–1792) decidiu afronta-lo problema esixindo ós privilexiados, nobreza e clero, que aceptasen pagar máis impostos (un deles **subvención territorial**). Pero estes negáronse e esixiron que, para resolve-lo problema do déficit público, se convocasen os **Estados Xerais**.

Nos Estados Xerais participaban a nobreza, o clero, os burgueses e os representantes do Terceiro Estado.

A idea central da burguesía era que, posto que eles representaban o 80% da poboación francesa, era a eles a quen lles tocaba dirixi-la asamblea.

Reunidos os Estados Xerais (maio de 1789), axiña se produciu o enfrontamento entre o rei xunta os privilexiados, que só querían falar do déficit, e os representantes do Terceiro Estado, que dogoiraban transformar o sistema político.

A OBRA DA ASAMBLEA CONSTITUÍNTE. ELIMINACIÓN DO ANTIGO RÉXIME (1798–1791)

Os acontecementos que se produciron entre xuño de 1789 (xuramento do xogo da pelota) e o 14 de xullo do mesmo ano (asalto á Bastilla) transformaron os Estados Xerais nunha **Asamblea Constituínte**.

Formaban parte desta asamblea os representantes do Terceiro Estado e unha parte do clero e nobreza. O seu obxectivo era a destrución do Antigo Réxime; por este motivo unha parte dos representantes do clero e da nobreza rexeitaron integrarse nela.

O primeiro documento que elaborou a Asamblea foi a **Declaración Universal de Dereitos do Home e do Cidadán** (agosto de 1789), no que se establecen os dereitos políticos que teñen tódolos habitantes do país. Estes dereitos son: igualdade ante a lei, liberdade política fronte ó poder do Estado e defensa da propiedade privada.

Co recoñecemento da igualdade ante a lei eliminábanse os privilexios do clero e a nobreza.

A CONSTITUCIÓN CIVIL DO CLERO

A **Asamblea Constituínte** tratou a situación do clero francés cunha serie de reformas drásticas:

O **clero regular** (frades e monxas) foi suprimido e tódalas súas propiedades pasaron ás mans do Estado.

O **clero secular** (bispos, cóngos, cregos) perdeu as súas propiedades expropiadas polo Estado. Pero non foi suprimido: seguía exercendo as súas funcións aínda que con importantes cambios.

Esta reorganización do clero fixouse nun documento elaborado pola Asamblea Constituínte en 1790; a chamada *Constitución Civil do Clero*.

O clero secular dividiuse en dous grupos: o dos que aceptaron a nova situación e o dos que a rexeitaron. Estes últimos, chamados *refractarios*, foron apoiados por unha parte da poboación. As autoridades comezaron a

persegui-los refractarios, considerados inimigos da revolución.

A MONARQUÍA CONSTITUCIONAL (1791–1792)

O NOVO SISTEMA POLÍTICO. A CONSTITUCIÓN DO ANO 1791

A obra máis importante da Asamblea Constituínte foi a elaboración dunha **Constitución** que comezou a rexer en 1791. A nova Constitución baseábase no concepto da **soberanía nacional**. Segundo este principio a soberanía estaba en mans da Nación constituída polos habitantes do país, *ciudadáns*.

A nova Constitución establece a división de poderes en Francia:

- O **poder legislativo** teno unha Asamblea Lexislativa que representa á Nación. Esta Asamblea elabora e aproba as leis, os impostos e o orzamento do Estado. Fórmala os representantes elixidos polos *ciudadáns activos* (homes maiores de idade que pagaban a partir dun certo nivel de taxas).

Con este sistema electoral, chamado **sufraio censitario**, que exclúe as mulleres e os homes de condición económica modesta, a burguesía aseguraba o control do poder legislativo.

- O **poder executivo** conservábo o rei, que tiña liberdade para escolle-los ministros que formarían o goberno encargado de facer cumprí-las leis.
- O **poder xudicial** estaba nas mans dos xuíces elixidos polos cidadáns, entre persoas expertas en leis, e pagadas polo Estado. Tamén se estableceu o sistema do xurado, polo que os cidadáns interviñan na actuación dos tribunais.

A CAÍDA DA MONARQUÍA (1792)

Luís XVI amosouse denda o principio contrario ás decisións da Asamblea Constituínte. En xuño de 1791 fuxiu de París para se reunir cun corpo do exército que o apoiase no seu intento de forzar un cambio político. Pero, detido en Varennes antes de se poder reunir coas tropas, tivo que voltar a París e, en setembro de 1791, aceptou a nova Constitución.

Entrementres, moitos nobres, contrarios á Revolución, saíran de Francia e concentrábanse nos Estados alemáns fronterizos.

Estes feitos foron creando tensión entre Francia e os dous poderes políticos máis fortes de Alemaña: o emperador, **Leopoldo II de Austria** e o **rei de Prusia**.

O 20 de xuño de 1792, Luís XVI propúxolle á Asamblea Lexislativa a declaración de guerra ó emperador de Alemaña e ó rei de Prusia. A asamblea aceptou a proposta do rei. O desorganizado exército francés sufriu as súas primeiras derrotas e os exércitos alemáns invadiron o territorio francés.

Os partidarios da Revolución temían que esta invasión rematase, pola forza, co proceso revolucionario. E isto era precisamente o que desexaba o rei.

O 10 de agosto de 1792 o rei foi destituído.

A RADICALIZACIÓN DA REVOLUCIÓN (1792–1794)

A PRIMEIRA REPÚBLICA. A CONVENCIÓN E OS COMITÉS

Cos sucesos do 10 de agosto de 1792 ábrese unha nova etapa na Revolución na que se intenta dar un novo

paso no proceso revolucionario.

En agosto de 1792, a Asamblea Lexislativa, despois de destituí-lo rei, dissolveuse. Unha nova asamblea, elixida por **sufrexio universal** (voto de tódolos cidadáns varóns e maiores de idade), terá nas súas mans o poder lexislativo e mailo executivo. Esta nova asamblea sera a **Convención**.

A Convención elaboraba as leis, e elixía os componentes, os membros dos **Comités**, que se encargan do goberno do país. Estes comités só poden actuar mentres conservan a confianza da Convención que, mediante unha votación, llela pode retirar en calquera momento.

No ano 1793 elaborouse unha nova Constitución, que se axustaba ós ideais democráticos de Rousseau, pero a situación de emerxencia que vivía o país impediu que se aplicase.

GUERRA E TERROR REVOLUCIONARIO

Entre os anos 1792 e 1794, a Convención tivo que facer fronte á guerra que, a partir de xaneiro de 1793 (data do xuízo e execución de Luis XVI), lle declararon a Francia os principiaos países europeos.

Pero ademais, a Convención intentou aplica-lo programa político das masa revolucionarias de París. Este baseábase en dous puntos: a eliminación física dos antirrevolucionarios e a satisfacción das necesidades económicas das masa populares castigadas pola crise económica.

Os Comités da Convención desencadearon unha forte política represiva, o **Terror revolucionario**, do que foron vítimas tódolos que se supoñía que eran contrarios á Revolución.

Para resolve-los problemas económicos das masa populares implantáronse medidas para o control de prezos, que eran totalmente opostas ás ideas da burguesía dos negocios.

A CAÍDA DE ROBESPIERRE E A REACCIÓN TERMIDORIANA

Maximilien de **Robespierre** foi a personalidade política máis sobresaínte do período 1792–1793. Formou parte do **Comité de Salvación Pública** e quiso representa-las aspiracións políticas das masas populares de París. Partidario da represión de tódolos inimigos da Revolución, rematou utilizando o Terror como medio para mante-lo seu poder entre os partidarios da Revolución.

Despois da onda represiva da primavera de 1794, que xa descargaba sobre moitos personaxes clave da Revolución, foron moitos os membros da Convención que creron que dalgunha forma era preciso pararlle os pés. Así se explica que cando, o 26 de xullo de 1794, Robespierre se presentou perante a Convención para ataca-los seus inimigos e pedir unha vez máis a confianza da asamblea, esta decretou a súa detención e a súa execución, que tivo lugar o día 28 de mesmo mes de xullo.

CONSOLIDACIÓN DA REVOLUCIÓN BURGUESA. O SISTEMA DE NAPOLEÓN (1794–1814)

O DIRECTORIO E A TOMA DO PODER POR NAPOLEÓN BONAPARTE

Entre os anos 1794 e 1799, a revolución estivo en mans dun grupo de políticos que representaban, sobre todo, os intereses da burguesía financeira e de negocios. O sistema político que implantaron no ano 1795 era unha República que depositaba o poder executivo en mans dun grupo de persoas que recibía o nome de **Directorio**. O poder lexislativo estaba en mans de dúas asambleas.

Os políticos de Directorio apenas se deron mantido no poder, ameazados sempre pola presión dos realistas cheos de valor e polas masas de sansculottes. Para controlar estes perigos, os membros do Directorio

acostumáronse a busca-lo apoio dos militares que, en varias ocasións, acabaron violentamente coa axitación promovida por realistas e sansculottes.

No ano 1799, as personalidades máis salientadas do Directorio pactaron co xeneral máis prestixioso, **Napoleón Bonaparte**, o **golpe de estado de Brumario** (novembro do ano 1799), que puxo en mans deste militar unha enorme cota de poder político.

A REORGANIZACIÓN DO GOBERNO POR NAPOLEÓN BONAPARTE

Unha nova Constitución (1800) implantou en Francia un sistema político chamado **Consulado**. Tratábase, en principio, dunha república con tres presidentes (**Cónsules**) que exercían o poder executivo. Pero o poder de **Primeiro Cónsul** era moi superior ó dos outros dous. Ademais, o poder de Bonaparte consolidouse cando no ano 1802 foi proclamado **cónsul vitalicio** e, máis tarde, en 1804, **emperador**. Con iso, a Revolución desembocaba nunha nova monarquía encarnada en Napoleón Bonaparte.

O sistema napoleónico era unha gran concentración de poder en mans dunha persoa, que garantía a estabilidade política.

AS GUERRAS REVOLUCIONARIAS EN EUROPA. O IMPERIO NAPOLEÓNICO

AS MONARQUÍAS EUROPEAS EN GUERRA CONTRA A FRANCIA REVOLUCIONARIA (1792-1802)

A guerra declarada por Francia ó emperador de Alemaña e ó rei de Prusia, en xuño de 1792, puxo en evidencia a descomposición de exército francés, formado aínda por soldados profesionais dirixidos por oficiais procedentes da nobreza. Este era o modelo do exército europeo durante o Antigo Réxime.

Como xa sabes, a partir de 1793, os gobernos revolucionarios puxeron en marcha un novo exército formado por sucesivas levas en masa que mobilizaban grandes cantidades de cidadáns en idade de combater. Con este novo exército, Francia non só rexeitou, en 1794, os exércitos invasores senón que comezou a ocupar territorios situados máis alá das súas fronteiras.

En 1796, Napoleón foi enviado cun exército a Italia para arrebatá-la Lombardía, rexión de Milán, a Austria. A campaña en Italia foille tan favorable que, en 1797, boa parte do Norte e centro de Italia estaban xa baixo o dominio francés.

FRANCIA CONTRA OS ESTADOS EUROPEOS (1805-1810)

Cando, no ano 1800, Bonaparte se fixo cargo do poder en Francia, iniciou axiña as negociacións para establece-la paz cos países que aínda estaban en guerra co seu. En 1801 asinou a **paz** con **Austria** e no ano 1802 con **Inglaterra**.

Nestes tratados de paz, Francia viu recoñecido o seu dominio sobre Holanda, Bélxica, Suíza, o Norte de Italia e os territorios situados á esquerda do Rin. Pola política de dominio de Francia, en 1803, asinou unha alianza entre Austria, Prusia e Rusia. Estes Estados asinaron paces favorables a Francia.

Pero a derrota francesa ante os ingleses xunta o cabo de Trafalgar (1805) obrigou a Napoleón a deseñar unha nova estratexia para obrigar a Inglaterra a asina-la paz. Este novo proxecto napoleónico foi o **bloqueo continental** (1806). Tratábase dun decreto do goberno francés no que se lles prohibía a tódolos Estados europeos manter relacións comerciais con Gran Bretaña.

O DOMINIO FRANCÉS EN EUROPA. A CAÍDA DE NAPOLEÓN

Para garanti-la aplicación do bloqueo continental a Gran Bretaña, Napoleón creou un sistema de control político sobre tódolos Estados europeos. Con iso chegouse á creación do chamado **Grande Imperio**.

Pero o mantemento deste control só era posible mediante a ocupación militar. E para mantela era preciso disponer de enormes reservas de homes e de cartos.

A maioría da poboación dos países ocupados rebelábanse ante as esixencias francesas de máis impostos e máis homes para o exército. Á **sublevación** xeral de **España**, en **1808**, seguiu a de **Alemaña**, en **1809**.

A invasión de Rusia polo exército de Napoleón deu un xiro total á situación. Napoleón foi derrotado en 1813 nunha batalla xunto a Leipzig. Por fin, en 1814, cos exércitos en París, Napoleón tivo que abandona-lo poder.

CONSECUENCIAS DA REVOLUCIÓN

Cambios na sociedade:

- desaparecen os estamentos sociais e os privilexios de clase, establecéndose unha sociedade igualitaria, na cal, tódolos habitantes eran cidadáns iguais ante a lei.

Cambios na economía:

- suprimense tódolos atrancos e controis establecidos polo estado, sendo a teoría librecambista a que se impón a partires de eses momentos.

Cambios no terreo político:

- fixados pola Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán e a Constitución de 1791, en sínteses:
- división de poderes
- soberanía nacional: será exercida mediante sufraxio censitario

DEFINICIONES:

- ◆ Comité de Salvación Pública: nome que adopta o goberno despois da caída da monarquía.
- ◆ Ley del Máximo: lei establecida por o CSP para evitar especulacións, establecendo prezos máximos para os produtos de primeira necesidade e fijando os salarios mínimos.
- ◆ Nuevo calendario: o CSP crea un novo calendario en el que se divide o ano en 12 meses de 30 días devididos a su vez en períodos de 10 días llamados décadas, de las que el último día es festivo. Le cambiaron el nombre a los meses usando nombres que tuvieran relación con el campo y las estaciones: nevoso, ventoso, brumario, pluviosos, germinal, termidor, fructidor
- ◆ Constitución 1793: es mucho más democrática que la de 1791. Establecía a la república como forma de goberno, establecía la división de poderes en la que el poder legislativo y ejecutivo era elegido por el pueblo mediante sufragio universal. No se llegó a aplicar.
- ◆ Nuevo ejército. Formado por soldados obligatorios y voluntarios.
- ◆ Terror: nome dado por los enemigos de la Revolución al período de tiempo que va entre 1792-1794 durante el goberno de CSP debido a los excesos cometidos por la Revolución.